

Modalidades deportivas para a VIII edición do Taril de Vilatuxe

Logo de vernos na obriga de suspender a pasada edición do **Trail de Vilatuxe** imos retomar o noso evento onde o tiñamos deixado, así este ano será **Campionato Galego de CxM-Trail-FGM Individual**, o que confire un atractivo especial e garante a asistencia dos mellores especialistas na modalidade de toda Galicia.

As modalidades incluídas na proba serían as seguintes:

1. **Andaina:**
 - **Longa** de 17,5 km, de dificultade media, non competitiva.
 - **Curta** de 12 km de dificultade baixa e non competitiva
2. **Pequetrail** repartidos en tres categorías:
 - **Esquíos** (de 2 a 6 anos) con un percorrido de 200 m,
 - **Corzos** (de 7 a 10 anos) con un percorrido de 500 m,
 - **Xabaríns** (de 10 a 14 anos) con un percorrido de 3.000 m,
3. **Trail 12 K** será **Campionato Galego de CxM-Trail-FGM Individual** na categoría Cadete e Xuvenil; con 12 km de percorrido e un desnivel de 550 m.
4. **Trail curto** será **Campionato Galego de CxM-Trail-FGM Individual** na categoría **Junior** de 17,5 km e 1.050 de desnivel positivo.
5. **Trail longo** será **Campionato Galego de CxM-Trail-FGM Individual**: 32 Km, percorrerá o corazón da serra con un 90% por sendas, un 5% por pistas e un 5% por pista asfaltada; terá un desnivel de 2.220 m positivos resultando 4.440 m acumulados .

Todos eles no entorno da praia fluvial do Pozo do Boi.

Regulamento da proba Trail de Vilatuxe 2021.

A proba está rexida polo seguinte regulamento:

1. **As carreiras Trail, Trail Curto, Trail 12 K, e Andaina** celebraranse o día 6 de xuño de 2021 con saída e chegada dende a praia fluvial de Vilatuxe, e rexeranse polo presente regulamento.
2. Debido a cantidade de inscritos e seguindo as recomendacións anti COVID 19 o **Pequetrail** celebrarase o **SÁBADO DÍA 5 DE XUÑO DE 2021** no entorno da praia fluvial de Vilatuxe. Será a partir das 11:00; terá recorridos diferentes para cada unha das categorías:

- **Esquíos** (de 2 a 6 anos) con un percorrido de 200 m.
 - **Corzos** (de 7 a 10 anos) con un percorrido de 500 m.
 - **Xabaríns** (de 10 a 14 anos) con un percorrido de 3.000 m.
- Para a celebración de esta proba precisarase un mínimo de 5 inscritos en cada categoría.
 - A inscrición será gratuíta e farase no espazo web do Trail de Vilatuxe <https://trailvilatuxe.ccnorte.com> ata un maximo de 100 participantes.
 - Haberá premios para todos os participantes.
 - Os menores deberán estar acompañados en todo momento de un responsable ou titor.
 - Os dorsais entregaranse na praia fluvial de Vilatuxe a partir das 10:30 h
3. **Andaina:** Darase a saída o domingo día 6 as 9:30 horas. Os participantes poderán elixir durante o desenrolo da proba ir polo circuito de 17,5 km ou polo circuito de 12 km. O lugar de elección de un dos dous circuitos estará axeitadamente sinalizado.
4. **O Trail Longo:** darase a saída o domingo día 6 a partir das 8:30 horas en quendas segundo indique a organización en futuros comunicados; terá un percorrido aproximado de 32 km e discorrerá por montes das parroquias de Zobra e Vilatuxe, acumulando un desnivel positivo de 2.220 metros aproximadamente, do que resultan uns 4.440 metros acumulados.
5. **O Trail Curto:** darase a saída o domingo día 6 a partir das 9:30 horas en quendas segundo indique a organización en futuros comunicados; terá un percorrido aproximado de 17,5 km e discorrerá polos mesmos montes, acumulando un desnivel positivo de 1.050 metros aproximadamente, do que resultan uns 2.100 metros acumulados.
6. **Trail 12 K:** darase a saída o domingo día 6 a partir das 10:00 horas en quendas segundo indique a organización en futuros comunicados;
- Poderán participar tódalas persoas debidamente inscritas con mais de 15 anos de idade (cumpridos no ano en curso).
 - Haberá premio para os tres primeiros participantes masculino e feminino da categoría absoluta.

- Incluirá a categoría **Cadete e Xuvenil** con premio para os tres primeiros masculino e feminino.
7. A recollida de dorsais para todas as probas agás o Pequetrail, poderá realizarse o día 5 sábado na praza da igrexa de Lalín onde a organización instalará unha carpa a tal fin entre as 17:00 e as 21:00 h. Igualmente poderanse retirar o mesmo día na zona de saída e meta entre as 7:00 e as 8:30 horas. Para a retirada de dorsais será obrigatorio presentar o DNI ou pasaporte e o carnet da FGM no caso de participantes federados, podendo retirarse por unha persoa distinta ó destinatario, facéndose esta responsable, eximindo de toda responsabilidade á organización.
8. Para evitar aglomeracións de persoas na medida do posible a retirada de dorsais poderase facer do seguinte xeito:
- Día anterior a proba entre as 17:00 e as 21:00 h na praza da igrexa de Lalín.
 - Na tenda Décathlon mais próxima: en este caso deberase solicitar axeitadamente na plataforma de Championship cando se formaliza a inscrición.
 - Na zona habilitada a tal fin na área de saída e meta 30 minutos antes da saída asinada a cada carreira.

Prégase a todos os inscritos que procuren a retirada de dorsais preferiblemente antes do día da proba.

9. **CATEGORÍAS:** As categorías serán as establecidas pola FGM a efectos da Copa Galega de Carreiras por Montaña, os participantes estarán divididos nas categorías e subcategorías seguintes:

Categorías Masculina e Feminina : Cadete, Xuvenil, Júnior e Sénior.

- **Categoría Cadete:** 15,16, é dicir que non cumpra os 17 anos o ano de referencia.
- **Categoría Xuvenil:** 17,18, é dicir que non cumpra os 19 anos o ano de referencia.
- **Categoría Júnior:** 19, e 20 anos, é dicir que non cumpra os 21 anos o ano de referencia.
- **Categoría Sénior:** a partir dos 21 anos cumpridos o ano de referencia
 - ✓ **Sub categorías Masculino e Feminina: Promesa e Veterana A e B**

- ✓ **Sub categoría Promesa:** 21, 22 e 23 anos, é dicir que non cumpra os 24 anos o ano de referencia.
- ✓ **Sub categoría Veterana A:**
 - Masculina de 45 a 49 anos, é dicir que non cumpra os 50 anos o ano de referencia.
 - Feminina de 40 a 49 anos, é dicir que non cumpra os 50 anos o ano de referencia.
- ✓ **Sub categoría Veterana B:**
 - Masculina e feminina de 50 a 59 anos, é dicir que non cumpra os 50 anos o ano de referencia.
- ✓ **Sub categoría Veterana C:**
 - Masculina e feminina a partir dos 60 anos cumpridos o ano de referencia.

A idade a ter en consideración para toda a tempada, no referente a categoría e subcategorías, será a que o participante teña o día 31 de Decembro do ano da competición.

10. **INSCRICIÓN:** Será a través da páxina championchipnorte.com. Haberá un único prazo de inscrición para as catro probas con un desconto para os federados. A prazo de inscricións será do día 22 de marzo ata o día 3 de xuño as 23:59 h.

	Non federados	Federados
• Trail longo.....	25 €.....	22 €
• Trail curto.....	20 €.....	17 €
• Trail 12 k.....	15 €.....	12 €
• Andaina.....	15 €.....	12 €

- Os federados deberán presentar a ficha ou carnet federativo a recollida do dorsal.
- Dita inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil, bolsa do corredor, avituallamentos, e cantos obsequios ou regalos consiga a organización. Unha vez abonada a inscrición non se devolverá o importe da mesma nin haberá posibilidade de anulación, salvo suspensión do evento por causas de forza maior.

- Para os participantes da categoría cadete a inscrición será gratuíta pero deberán formalizar a mesma a través da plataforma.
- No caso dos participantes no Pequetrail a inscrición será gratuíta e farase no espazo web do Trail de Vilatuxe <https://trailvilatuxe.ccnorte.com>
- Debido a situación de pandemia que estamos a sufrir a celebración do evento está sometida as esixencias impostas polas autoridades sanitarias. No caso de ser suspendida a celebración do mesmo a organización resérvase o dereito a reembolsar o importe íntegro da inscrición, a garantir a inscrición do corredor/a na próxima edición do Trail de Vilatuxe ou a modificar a modalidade de competición de xeito que se poida participar cumprindo as medidas sanitarias impostas polas autoridades.

11. **SINALIZACIÓN E CONTROIS:** O percorrido estará sinalizado con cintas de plástico co logotipo da proba, sendo obrigatorio o paso polos controis establecidos.

12. **TEMPOS DE PASO:** unicamente se establecerán para a proba Trail Longo. Os tempos máximos intermedios serán os seguintes:

km	Lugar	Tempo	Hora
10	Ameixedo	2:00 h	10:30 h
19	Zobra	4:00 h	12:20 h
24	Pedroselo	5:00 h	13:10 h
27	Moa	6:00 h	13:40 h
32	Puzo do Boi (Meta)	7:00 h	14:50 h

Os corredores que non acaden os controis nos tempos máximos, deberán retirarse da proba xa que nin a organización nin os servizos de asistencia poden garantir a súa cobertura. Así mesmo os “Corredores Escoba” ou o responsable de cada control terán potestade para retirar da proba a calquera corredor/a se o seu tempo en carreira ou o seu estado de saúde así o aconsella.

13. O/A corredor/a que se retire durante o transcurso da proba, deberá avisar ó control máis próximo e facer entrega do dorsal.

14. **AVITUALLAMENTOS:** Existirán 6 avituallamentos líquidos e sólidos incluíndo o de meta que se distribuirán do seguinte modo:

- AV1 – Bustelos – Km 7 –sólido e líquido
- AV2 – Ameixedo – Km 13 – sólido e líquido

- AV3 – A Trigueira – Km 18 – sólido e líquido.
- AV4 – Zobra – Km 22 – sólido e líquido
- AV6 – Moa – Km 30 – Sólido y líquido
- AV7 – Meta– Km 35 – Sólido y líquido

A fin de ser meticolosos no respecto co medio ambiente e baixo a premisa de reducir a o máximo os residuos que se poidan xerar a vez que se procura unha maior garantía das condicións sanitarias, nos avituallamentos **non se dispensarán vasos a os participantes**, debendo ter que levar cadanseu recipiente.

15. PREMIOS:

- **TRAIL LONGO:**

Entregarase un trofeo ós tres primeiros da clasificación xeral nas categorías masculina e feminina; ademais a os tres primeiros de cada categoría, atendendo as categorías propias da carreira (punto 6). Os tres primeiros da xeral en categoría masculina e feminina terán un **premio en metálico de 200 € para o 1º, 100 € para o 2º e 50 € para o 3º.**

- **TRAIL CURTO:**

Entregarase un trofeo ós tres primeiros da clasificación xeral nas categorías masculina e feminina; ademais a os tres primeiros masculino e feminino da categoría Junior segundo as categorías marcadas pola FGM (punto 5).

- **TRAIL 12 K:**

Entregarase trofeo a os tres primeiros clasificados da clasificación xeral masculino e feminino e a os tres primeiros da categoría cadete masculino e feminino segundo as categorías marcadas pola FGM (punto 5).

16. Para evitar aglomeracións na entrega de premios, esta será inmediata a confirmación das clasificacións validadas polos árbitros e o Director de Carreira. Consonte a isto prevese o seguinte horario de entrega de premios:

Trail 12 k	11:00 h
Trail Curto	12:00 h
Trail Longo	13:00 h

17. A aceptación do presente regulamento, implica obrigatoriamente que o participante autoriza á organización á gravación total ou parcial da súa participación na mesma, presta o seu consentimento para que poida ser utilizada

a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódolos xeitos posibles e cede tódolos dereitos relativos á súa explotación, comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar.

18. Non se permitirá aos participantes ir acompañados de animais ou mascotas durante o transcurso da proba.
19. Quedará descualificado/a desta proba todo o que non cumpra o presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, deteriore ou ensucie a contorna, non leve o seu dorsal ben visible, manteña unha conduta impropia ou desatenda as indicacións da organización.
20. A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.
21. Os/as participantes están obrigados a auxiliar ós accidentados que precisen axuda así como a informar de calquera percance nos controles de paso.
22. A pesar do persoal disposto pola organización ao longo do percorrido os/as participantes están obrigados a respectar as normas de circulación nos cruzamentos coas estradas.
23. Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización, quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir ós corredores en moto, bicicleta, quad ou similar polo circuito.
24. A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, negligencia, así como dos obxectos perdidos de cada participante. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión. En todo o non contemplado neste regulamento, a proba basearase nos regulamentos da Federación Galega de Montañismo e da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME).
25. **Normativa COVID 19:** En materia sanitaria con relación a situación actual de pandemia todo o persoal que participe no evento está obrigado a cumprir todas as normas sanitarias vixentes no momento da celebración. Igualmente a organización do evento velará por facer cumprir a normativa específica publicada pola Federación Galega de Montaña publicada na paxina web da mesma e que se resume seguidamente.

- a) Todos os participantes deberán usar máscara antes da carreira, esta poderase quitar durante a carreira sempre que se garanta a distancia entre persoas.
- b) Deberase respectar a distancia entre as persoas e non superar os grupos de persoas que establece no momento as autoridades sanitarias.
- c) Para evitar na medida do posible aglomeracións de persoal a retirada de dorsais poderase facer do seguinte xeito:
- Día anterior a proba entre as 17:00 e as 21:00 h na praza da igrexa de Lalín.
 - Na tenda Décatlon mais próxima: neste caso deberase solicitar axeitadamente na plataforma de Championship cando se formaliza a inscrición.
 - Na zona habilitada a tal fin na área de saída e meta seguindo os quendas que a organización determine segundo a orde de saída.
- d) Non haberá servizo de vestiarios nin duchas.
- e) A saída dos deportistas farase en quendas segundo indique a organización en futuros comunicados para garantir o espazo interpersoal no momento da saída.
- f) Estableceranse puntos separados na saída para garantir a distancia de seguridade dos deportistas.
- g) Pregase estar atentos as indicacións da organización por megafonía así como do persoal destinado a vixilancia do cumprimento das normas anti COVID 19 para minimizar os riscos de contaxio.
- h) Todos os participantes levarán recipiente individual para abastecerse de líquido nos avituallamentos, onde deberán esperar a ser servidos polos responsables que a organización determine en cada punto.
- i) O avituallamento será dispensado por persoal da organización quen manterán estritas medidas anti COVID 19, segundo as indicacións da FGCxM.
- j) En ditos avituallamentos haberá un encargado de cumprir que os participantes non se xunten a hora de ser abastecidos.
- k) As zonas de avituallamento estarán delimitadas e o uso de máscara será obrigatorio dentro de este espazo.

- l) O Tempo de parada nos avituallamentos para os participantes reducirase a o estritamente indispensable para avituallarse.
- m) A entrega de premios será nas proximidades de liña de meta, seguindo un protocolo anti COVID 19, facendo entrega dos premios a medida que os gañadores acaden a meta e sexan validados polos xuíces árbitros da proba.